

# O Gaiteiro de Lugo

## Calendario Gallego

Pro Ano Santo de 1937

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,  
patriótico, popular e barato

Ano 80 da fundación. Propiedad rexistrada

Propietario, XERARDO CASTRO

Véndese a DOUS CÁS

Non esquezas nunca as penas  
do ano que nos deixou;  
que non te falen, gaiteiro,  
de roxos, nin de eleccións.



Ergue a man, gaiteiro enxebre,  
ábrea cara o tempo bó,  
quen peche os puños agora  
anda co demo maior.

*Venta exclusiva deste Calendario en Santiago, Casas Reales 26, MANUEL NEIRA TORRADO, Almacén de Quincalla e Paquetería. — Na Coruña, Soto, Otero e Fernández, Almacén de Paquetería, San Andrés 24.*

*Pedidos a o Editor XERARDO CASTRO, S. Pedro. 29-LUGO*

PB 091-1  
CB 11032916  
Titn. 602550

## Feiras e mercados da provincia de Lugo

*Concello de Abadín.* — Primeiro e terceiro sábado Gontán.

*Alfoz.* — 13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xulio Lagoa; o primeiro miércoles Mor.

*Antas de Ulla.* — O 10.

*Baleira.* Quincenalmente alternando ca de Castroverde.

*Barreiros.* — Primeiro domingo e 1.º de Marzo e mercados os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián

*Becerreá.* — O 13 e 19.

*Begonte.* — 1.º e 15 Pacios e si o 15 é domingo o 14.

*Carballedo.* — 17 e 29 Castro; 4 Bucíños.

*Castro de Rey.* — Cada quince días en domingo alternando ca de Meira; 8 e último sábado Ribera de Lea

*Caurel.* — O segundo e cuarto domingo Seoane; 1.º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín.

*Cervantes.* — Cuarto domingo Donís; 28 Quindós; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas

*Cervo.* — O primeiro domingo e o 16

*Corgo.* — 13 Aday; 23 Gomeán

*Cospeito.* — Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xueves Muimenta.

*Chantada.* — O 5 e 21 e mercados os martes, xueves e domingos; 2 Laxe.

*Castroverde.* — Cada 15 días; 12 Miranda.

*Fonsagrada.* — 20 de Xaneiro, 25 de Marzo, 25 de Abril, Ascensión, Corpus, 24 de Xunio, 2 de Xulio, 15 de Agosto, 8, 9, 10 e 21 de Septiembre e 8 de Noviembre e mercados os sábados.

*Foz.* — Mercados os martes; 10 e 24 Espiñeira.

*Friol.* — O 4 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey

*Germade.* — 4 e 19 Momán; 13 Roupár.

*Guntín.* — 5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolcs; 15 San Román.

*Incio.* — O 22.

*Xove.* — Rigueira e Xove, o cuarto domingo.

# O Gaiteiro de Lugo

## Calendario Gallego

pro Ano Santo de 1937

*según as ouservaciós feitas no Ouservatorio da  
ciudad de San Froilán, con arrego  
o meridiano de Santiago.*

### ÚNICO QUE SE PUBRICA EN GALICIA

**Oómputo eclesiástico.**—Aureo núm. 19.—Epacta XVII.—Ciclo solar 14.—Indiccion román V.—Letra dominical c.—Letra do martiroloxio román s.

**Velacións**—Péchanse o 10 de Febreiro i-o 28 de Novembro—Abrense o 29 de Marzal i o 26 de Decembro.

**Escrise visibre en Galicia.**—18 de Santos, Escrise parcial de lúa. Primeiro contaio as 6 e 9 m. Medio, as 8 e 18. Derradeiro, as 10 e 28. Hora oficial.

**Outros.**—8 de Xunio, total de s. 1, visibre en Oceanía e parte da América do Sur. 2 e 3 de Nadal, escrise anular de sol, que se verá no N. do Océano Pacífico, Filipinas e Nova Guinea deica a costa occidental da América do N., de Canadá a México.

**Festas movibres.**—O Santísimo Nome de Xesús, 3 de Xaneiro.—Domingo de Septuaxésima, 24 de Xaneiro.—Domingo de Sexaxésima, 31 de Xaneiro.—Domingo de Quincuaxésima (*Antroido*), 7 de Febreiro.—Miércoles de Antroido, 10 de Febreiro.—Domingo I de Cuaresma, 14 de Febreiro.—Domingo II de Cuaresma, 21 de Febreiro.—Domingo III de Cuaresma, 28 de Febreiro.—Domingo IV de Cuaresma, 7 de Marzal.—Domingo de Pasión ou de Lázaro, 14 de Marzal.—Viernes de Dolores, 19 de Marzal.—Domingo de Ramos, 21 de Marzal.—Xoves Santo, 25 de Marzal.—Viernes Santo, 26 de Marzal.—Sábado Santo ou de Gloria, 27 de Marzal.—Domingo de Pascua de Resurrección, 28 de Marzal.—Dominica in Albis (as Pascuillas), 4 de Abril.—Solemnidade de S. Xosé,

Papel de fumar B A M B U

14 de Abril.—Ascensión do Señor, 6 de Maio.—Pascua de Pentecostés ou do Espírito Santo, 16 de Maio.—A Santísima Trindade, 23 de Maio.—Santísimo Corpus Christi, 27 de Maio.—O Sagrado Corazón de Xesús, 4 de Xunio.—Festividade de Cristo Rey, 31 de Outono.—Domingo I de Adviento, 28 de Novembro.—Domingo II de Adviento, 5 de Decembro.—Domingo III de Adviento, 12 de Decembro.—Domingo IV de Adviento, 19 Decembro.  
Témporas.—17, 19 e 20 de Febreiro.—19, 21 e 22 de Maio.—15, 17 e 18 de Setemoro.—15, 17 e 18 de Decembro.

Rogacións.—Maiores, o 25 de Abril, San Marcos.—Menores, o 3, 4 e 5 de Maio.

## XAICIO DO ANO

¡Vaite e non volvas, ano do demo,  
lévete xuncras, ano de mal,  
trouxeches guerra, fames, traballos,  
loitas arreo, canto hai que dar!

¡Dios te perdoe, porque trouxeches  
nas tuas angurias novas de pas:  
goberno, leises, cousas dos vellos  
que xa coidábamos non viñan mais!

¡Ano de mil novecentos  
e trinta e seis a mediar  
andan os tempos revoltos;  
qué Dios os faga virar!

Erguerase a xente, non  
quedaba xa tris con tras,  
todos a mallar en un,  
todos a ver quen é mais.

Todo era de todos,  
calisquera nugallán  
levaba o lugar por diante

moi caballero a mandar  
feito un alcalde pedáneo  
pol-o Frente Popular.

Chegara xa o comunismo,  
era cousa de mirar:  
a moza está feita un mozo,  
o mozo sabe de mais,  
a nai metida na horta,  
o pai cas faldras da nai.

Os rapaciños da escola  
xa non saben saudar:  
agora erguen o puño,  
como quen a figa fai,  
e co caravel na orella,  
moi repostos, en lugar  
do «Boas tardes nos dé Dios»  
espetábanlle a un sin mais:

«U. H. P., proletario,  
tenga salú camará»  
que era moda dos madriles  
i-a moda mandaba mais  
que o que viña na cartilla  
i-o que gobernan os país.

«Moito runflan, decíamos,  
moito lles vai a pesar».  
Daqueles meses, gaiteiro,  
eu asmo, falando mal  
que inda quedan moitas pragas  
que teremos que aturar:  
moito fillo das silveiras  
que deixaron por criar,  
moita esmorga a nosa conta  
que quedara por pagar  
i-algún paxaro vermello  
que anda ca muda... a virar.

Papel de fumar B A M B Ú

3

Ano de mil novecentos  
e trinta e seis a mediar,  
armouse a de Dios es Cristo  
por non ir a cousa a mais.

Pas con pas, guerra con guerra,  
que eí vos ven o lubican;  
desta feita todo o mundo,  
xunto o mouro co cristián,  
i-o español co portugués,  
contra o comunismo vai.

¡Quén te dixera, gaitero,  
que por Lugo habían de andar  
os mouros, que de tan lonxe  
non s'viñeran axudar!

Galicia lévase o ramo  
nesta batalla campal:

¡Alá van nosos soldados,  
eí vai nosa moxedá!

Pol-as Castillas adiante,  
na Extremadura, i-alá  
na Andalucía garrida,  
i-en Irún, i-en San Marcial,  
e nas Asturias de Oviedo  
e no frente catalán  
están fillos de Galicia,  
pol-a Terra a pelear.

Co-eles se colle Gijón,  
con eles se pode entrar,  
en Madrí, que por ruín  
mereceu tal mortandá.

Para soldados, Galicia,  
dos que ben saben loitar;  
para mariñeiros nós,  
que como quen vai a mar  
encher de peixe o aparello

sabemos cos bous catar  
sumarinos i-afundilos,  
para sempre endexamais.

Marifeiros de Galicia,  
marifeiros, os que van  
no «Cervera» e no «Canarias»  
e no «España» a navegar!  
Son moitos *mariscos* estes  
tabeiróns do noso mar!

—  
España pol-os galegos  
que temos folgos i-ardicia,  
e por si foi pouco dare,  
dar os fillos que un mantiña,  
eí vos van vacas leiteiras  
e xamóns para a cocifia,  
caixas de ovos... a centos  
e milleiros de sardiñas.

Queredes homes, van homes,  
queredes mantenza, axiña,  
todo temos, damos todo,  
todo menos... *as galiñas*.

—  
E xa que de todo temos  
eí vos vai, pra que vos rixa  
o noso xeneral FRANCO  
que vale, se ben se mira,  
por todos nós xuntos, pois  
tén por todos valentía  
e saber, i-autoridá  
i-o que cumpre ter na vida.  
¡Por que naceu no teu chan  
madia levas, Nai Galicial!

—  
Non agardedes desdo ano  
que escomenza, mellorías

Papel de fumar B A M B Ú

5

que farten, nin bens a rego;  
que pra todo cumpren días  
e non chega a man do santo  
do ceo que mellor sirva  
pra enmendar erros tan fondos,  
pra endereitar tanta avinza.

Se inda veñen males, cala,  
que piores te virían  
se non viñese un goberno  
a mellorarnos a vida.

E no que che veña ben,  
que non vai ser pouco, mira  
a quen nos está mirando  
e sobre todos domina.  
E dille na nosa fala  
ao rematar cada día:

«Se o mal se trocou en ben,  
é que da tua man bendita  
non deixaches nestes tempos  
a tua terra de Galicia».



## Os caprichos da moda

¡Un home que n' era memo  
dixo un día erguendo o bico  
«que as mulleres son o demo»  
e quedou corto... ¡pois temo  
que moitas, *fan demo e picol!* ?

A moda, reina tirana,  
que fai o que lle acomoda  
impón a lei soberana  
i-aquela que é tarambana  
déixase levar da moda.



¡Si manda a lei caprichosa  
que leve toda doncella  
no carís tinte de rosa,  
a que quer seguir fermosa  
merca *pintura vermella!*

¡Si ordena que colgue o pelo  
rapado enriba da testa  
cúmprese esto con tal celo...  
que hai quen toma por modelo  
a *cresta crin de unha besta!*

¡Si ven a costume tola  
(que ha de vir ao fin i-o cabo)  
de pór patas, crista e cola.  
N-habará unha muller sola,  
que non se convirta *en pavo!*

¡E xuro que si viñera  
a moda de *andar a gatas*  
tamén algunha andivera,  
como se adrede nacera  
pra vivir *con catro patas!*

*Enrique Labarta Pose.*

### **Santiños Galegos**

Neste calendario atoparedes, entre outras boas novidades, a dos santos que naceron ou viviron na nosa terra de Galicia. Os seus nomes están tomados de un Santoral Galego, do P. Pardo, dominico, e no calendario van diante dos outros santos do día e levan unha (G) que os distingue dos mais. De algúns pouco teredes escoitado falar, outros levan nomes de moita sona, todos andan a pedir por un e cumpre que os lembremos, a ver se inda poden facer bó de nós.

Papel de fumar B A M B Ú

7

## XANEIRO 31 DIAS

### ADICADO AO NENO XESÚS

- 1 Vier. † *A Circuncisión do Señor.*— ss. Fulxencio, Xustina, Martiña i Eufrosiana.—I. B.
- 2 Sáb. ss. Macario, Isidoro y Narciso.
- 3 Dom. O Santísimo Nome de Xesús.— ss. Anastasio e Teodoro. Bispos (G), Genoveva e Daniel.
- 4 Lun. ss. Aquilino, Tito e Benedicta.

*Mingante ás dúas e coarto da tarde.*

Tempo de brétema, ventos fríos, nebas altas pol-mañanciña e humidade sempre. Dominan ventos do S.

- 5 Mar. ss. Telesforo, Eduardo, Apolinar i-Emiliana.
- 6 Miér. † *Epifanía. A Adoración dos Santos Reises,* Melchor, Gaspar e Baltasar e S. Meliano.—I. B.
- 7 Juev. ss. Xulián patrón do Ferrol e Fiz.
- 8 Vier. ss. Maximino, Luciano e Gúdula.
- 9 Sáb. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana.
- 10 Dom. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xohan.
- 11 Lun. ss. Teodosio, Hixinio, Salvio e Anastasio.
- 12 Mar. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto.

*Nova ás cinco menos coarto da tarde.*

Os ventos revolven o tempo, mais non nos deixan as brétemas nin os fríos. Algunhas tormentas.

- 13 Miér. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica.
- 14 Juev. ss. Hilario i-o beato Bernardo de Corleón.
- 15 Vier. ss. Pablo, Mauro e Benito.
- 16 Sáb. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato.
- 17 Dom. ss. Antonio abade, Rosalina e Leonila.
- 18 Lun. A Catedral de S. Pedro en Roma, e Santa Margarida.
- 19 Mar. ss. Xermana (G), Sara, Marta, Canuto e Marlo.

*Crecente ás oito da noite.*

Seguen chuvias e fríos rexos. Neve nas montañas e ventos do NE. que fan cambios pasaxeiros.

( Miér. ss. Fabián, Sebastián e Felisa.

*Sol en Acuario ás once da mañá*

\*) Juev. ss. Inés, Froitoso e Plubio.

8      Papel de fumar BAMBÚ

- 22 Vier. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gaudencio.  
 23 Sáb. ss. Adefonso e Raimundo.  
 24 Dom. de *Septuaxésima*. — N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> da Paz e ss. Timoteo e Feliciano.  
 25 Lun. A Conversión de S. Pablo e Sta. Elvira.  
 26 Mar. ss. Policarpo, Teógenes e Paula.

*Chea ás cinco e coarto da tarde.*

Enxuga o tempo e veñen fort's xiadas, con días de ceo despexado; o Irfo non quer deixarnos.

- 27 Miér. ss. Olaila, Angela, e Xohan Crisóstomo.  
 28 Juev. ss. Xulián, Cirilo, Tirso e Inés.  
 29 Vier. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa.  
 30 Sáb. ss. Hipólito e Fiz.  
 31 Dom. de *Sexaxésima*. — ss. Pedro Nolasco, Xullo e Marcela. — I. B.

NOTA.—I. P., Indulxencia Plenaria; I. B., Indulxencia Parcial.

## Refráns do ano

En *Xaneiro* mete obreiro, antes de sebe que non de parede; non pol-o día, senón pol-a pedra que está fría.

En *Febreiro*, sete lobos ó carneiro.

*Marzo* marzal, neve nos outos e chuvia no val.

En *Abril* sal o cuco do cubil.

En *Maio*, inda a vella queima o tallo.

En *San Xohan*, as nove con día dan.

*Santiago* co seu canado; *Santiaguíño* co seu canadiño.

Despois da *Peregrina*, inverno encima.

A castaña quer en *Agosto* arder, i-en *Setembro* beber.

Horta de *Outono* mantén ao seu dono.

Horta de *San Martiño*, mantén ao dono i-ao seu veciño.

Nas oitavas de *Nadal*, quen aforra ben se val.

Papel de fumar B A M B Ú



## FEBREIRO 28 DIAS

### ADICADO A CANDELARIA

- 1 Lun. ss. Ignacio, Severo, Pablo y Bríxida.
- 2 Mar. A Candelaria e Sta. Feliciana.
- 3 Miér. ss. Blas, Fiz e o Beato Nicolás.

#### *Mingoante ás doce da noite*

☉ O tempo enxoiro dura pouco, axiña chegan as chuvas. A neve derrétese nas montanas, e os sembrados aproveitan ista pequena bonanza.

- 4 Juev. ss. Andrés, Leonisa e Gilbarto.
- 5 Vier. ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino.
- 6 Sáb. ss. Teófilo, Saturnino e Dorotea.
- 7 Dom. *de Quincuaxésima (Antroido)*.—ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.—I. B.
- 8 Lun. ss. Xohan de Mata, Ciriaco, Paulo e Dionisio.
- 9 Mar. ss. Donato e Apolonia.
- 10 Miér. *de Ceniza*.—ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.—*Péchanse as velacións*.—I. B.—*Ayuno*.
- 11 Juev. ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.—I. B.

#### *Nova as sete e media da mañá.*

☉ Volve o frío a facer das suas, pois a neve coroa as montanas i-a xiada amola o val. Tempo moi variabre que tén de todo.

- 12 Vier. ss. Euxenio, Damián e Olalla.—I. B.—*Ayuno e abstinencia*.
- 13 Sáb. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo, Lucina e Catalina.—I. B.—*Ayuno*.
- 14 Dom. *I de Cuaresma*.—ss. Valentín e o beato Xohan Bautista.—I. B.
- 15 Lun. ss. Severo, Casto, Lucio e Decoroso.—I. B.
- 16 Mar. ss. Elías, Isafas, Xeremías, Xulián e Faustino.—I. B.
- 17 Miér. ss. Xulián de Cadocia e Alexo.—*Témpora*.—I. B.—*Ayuno*.
- 18 Juev. ss. Teotonio (G), Simeón, Claudio i-Eladio.—I. B.

10      Papel de fumar B A M B Ú

*Orecente ás catro menos coarto da mañá.*

☉ Somella que o sol quer quentar; temos borrallas baixas que non lo deixan deica aló moi tarde. Ventos do SO. e do NO.

19 Vier. ss. Gabino, Alvaro e Conrado.—*Témpora.*—I. B. *Ayuno e abstinencia.*

*Sol en Piscis a unha e coarto da noite*

20 Sáb. ss. León, Eleuterio e Nemesio.—*Témpora.*—I. B. *Ayuno.*

21 Dom. *II de Cuaresma.*—ss. Máximo, Fiz e Ovidio—I. B.

22 Lun. A Cátedra de S. Pedro en Antioquía e ss. Pascasio e Tecla.—I. B.

23 Mar. ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida e Florencio.—I. B.

24 Miér. ss. Matías, Modesto, Sergio e Primitiva.—I. B. *Ayuno.*

25 Juev. ss. Valerio monxe (G), beato Sebastián de Aparicio (G), Cesáreo, Valero e Donato.—I. B.

*Chea ás oito menos coarto da mañán.*

☉ As xiadas arranxaron un pouco os eidos. Podemos tomar unha raxeira, mais veñen algú nublados frios en compañía de boas turboadas.

26 Vier. ss. Alexandro, Fortunato e Victor.—I. B.—*Ayuno e abstinencia.*

27 Sáb. ss. Baldomero e Leandro.—I. B.—*Ayuno.*

28 Dom. *III de Cuaresma.*—ss. Basilio e Procopio.—I. B.

=====

## Adiviñas

Detrás daquel coto  
hai un boi xoto,  
e n' hai home nado,  
nin por nacer,  
que na corte  
o poida meter.

Estudiante que estudias,  
Gramática e Teoloxía:  
dime cal é a ave  
que non ten peitos e cría,  
que aos vivos dá sustento,  
i-aos mortos alegría.

(O SOL)

(A ABELLA)

Papel de fumar B A M B Ú

11

## MARZAL 31 DIAS

### ADICADO A SAN XOSÉ

- 1 Lun. S. Rosendo abade, S. Manilan abade (G) e O Sto. Anxel da Guarda. I. B.
- 2 Mar. ss. Simplicio, Pablo e Lucio.—I. B.
- 3 Miér. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiania.—*Ayuno.*  
—I. B.
- 4 Juev. ss. Casimiro, Cayo e Lucio.—I. B.
- 5 Vier. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Sra. de Africa.—I. B.—*Ayuno e abstinencia.*

*Mingoante ás nove e coarto da mañá.*

🌀 Auga dabundo, ventos descompostos, moita humedade. Hai comarcas que aínda teñen xiadas i-a neve ven con ventos frios.

- 6 Sáb. ss. Victoriano, Víctor e Cirilo.—I. B.—*Ayuno.*
- 7 Dom. *IV de Cuaresma.*—ss. Tomás de Aquino e Felicitas.—I. B.
- 8 Lun. ss. Xohan de Dios e Fiz.—I. B.
- 9 Mar. ss. Francisca e Catalina.—I. B.
- 10 Miér. ss. Crescencio, Alexandro e Melitón.—I. B.—*Ayuno.*
- 11 Juev. ss. Euloxio, Constantino e Fermín.—I. B.
- 12 Vier. ss. Gregorio e N. Sra. da Misericordia.—I. B.—*Ayuno e abstinencia.*

*Nova ás sete e media da tarde.*

🌀 O tempo sigue revoltto con borrascas e chuvia a Dios dar. Unha treboada trai saravia en algunhas terras. En outras os labregos non se queixan da chuvia.

- 13 Sáb. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.—I. B.—*Ayuno.*
- 14 Dom. *de Pasión ou de Lázaro.*—ss. Florentina e Matilde.—I. B.
- 15 Lun. ss. Longines, Raimundo e Melitón.—I. B.
- 16 Mar. ss. Xulián, Ciriaco e Agapito.—I. B.
- 17 Miér. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.—*Ayuno.*
- 18 Juev. ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.—I. B.
- 19 Vier. *de Dolores* —† *San José esposo de la Sma. Virgen.*  
I. B.—*Ayuno e abstinencia.*

12

Papel de fumar BJA MB Ú

*Crecente ás once e media da mañá.*

☉ A Primavera quer entrar c' un cambio. As grainzadas fortes i-os ventos do O. déixanlle camiño a un tempo mais doce. Os leiros son un regalo pros cllós.

20 Sáb. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.—I. B.—*Ayuno.*

21 Dom. *de Ramos (Palmirum)*—ss. Benito e Filemón.—I. B.

*Sol en Aries a unha menos coarto da noite*

### PRIMAVERA

22 Lun. ss. Deogracias, Plubio e Basilio.—I. B.

23 Mar. ss. Victoriano, Fidel e Toribio.—I. B.

24 Miér. ss. Simeón e Agapito. I. B.—*Ayuno.*

25 Juev. *Santo.*—A Anunciación da N. Sra. i Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.—I. P.

26 Vier. *Santo.*—Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.—I. B.—*Ayuno e abstinencia.*

*Chea ás once e coarto da noite.*

☾ A melloría que trai a lua chea non gorenta a ninguén, pois é unha bonanza pouco segura. En xeneral os labregos quéixanse do tempo.

27 Sáb. *Santo ou de Gloria.*—ss. Ruperto e Alexandro.—I. B.—*Ayuno deica o mediodía.*

28 Dom. *de Ascua de Resurrección.*—ss. Castor, Doroteo e Sixto.—I. P.

29 Lun. ss. Pastor, Xonás i Eustasio.—I. B.—*Abrense as velacións.*

30 Mar. ss. Xohan Clímaco, Víctor e Régulo. I. B.

31 Miér. ss. Amadeo e Amós.—I. B.

### Adiviña

Anda, e non ten pés,  
come, e non ten boca,  
e toda a comida  
lle parece pouca.

(O MUINO)

Papel de fumar B A M B Ú 13

## ABRIL 30 DIAS

### ADICADO AOS DOORES DA VIRXE

- 1 Juev. ss. Venancio, Macario e Teodora.—I. B.
- 2 Vier. ss. Francisco de Paula e Abundio.—I. B.
- 3 Sáb. ss. Engracia virxe e mártir (G), Benito, Ricardo, Benigno e Ulpiano —I. B.
- 4 Dom. *de Pasquilla ou de Cuasimodo*.—ss. Isidoro, Víctor e Zósimo.— I. B.

*Mingoante ás tres e media da mañá.*

Orballo, brétema borrallenta e chuvia maina escurecen a pumaveira Na montana o vento zoa de raio e non faltan borrascas.

- 5 Lun. Bto. Xohan de Viveiro, ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene.
- 6 Mar. ss. Celso, Celestino e Marcelino.
- 7 Miér. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.
- 8 Juev. ss. Perpetuo, Alberto, Máxima e Xenaro.
- 9 Vier. ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.
- 10 Sáb. ss. Urbano abate (G), Ecequiel e Daniel.
- 11 Dom. ss. León, Antipas e Isaac.

*Nova ás cinco e coarto da mañá.*

O tempo é bó anque as chuvias i-os nubrados non queiran deixarnos. Logo virán algús tronos lixeiros que non dañan á colleita.

- 12 Lun. ss. Victor mártir (G), Constantino e Zenón.
- 13 Mar. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo
- 14 Miér. Solemnidade (Patriocinio) de S. Xosé —S. Pedro González Telmo ab. dos mariñeiros (G), e ss. Tiburcio e Valeriano.
- 15 Juev. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina i-Elena.
- 16 Vier. ss. Toribio bispo de Astorga, Froitoso de Braga bispo e fundador (G), Engracia e Cayo.
- 17 Sáb. ss. Aniceto, María, Ana i-Elena.

*Crecente ás oito e media da tarde.*

Revírase o tempo e veñen algús días fríos, soprando destemperados os ventos do NE. Nos sitios en que a neve sederretera volve a callar.

- 14           Papel de fumar B A M B Ú



- 18 Dom. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio.  
 19 Lun. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.  
 20 Mar. ss. Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Victor.

*Sol en Tauro as doce e coarto do día*


- 21 Miér. ss. Anselmo, Apolonio e Alexandra.  
 22 Juev. ss. Xerónima virxe (G), Sotera, Angustias e Cavo.  
 23 Vier. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente.  
 24 Sáb. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.  
 25 Dom. ss. Marcos, Aniano i-Estebo — *R gacións maiores*. — I. B.



*Chea ás tres e coarto da tarde.*

Mañanciñ@s frías, mediodías quentes que fan medrar os froitos. Tempo amorosiño con ventos froxos y-unha miguíña de humedá.

- 26 Lun. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e N. Sra. da Saleta  
 27 Mar. ss. Anastasio, Toribio e Pedro.  
 28 Miér. ss. Estebo, Prudencio, Patricio e Vidal  
 29 Juev. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.  
 30 Vier. ss. Amador, Sofía, Lourenzo e Catalina.



## A Terrachá

¡Ou, pechos curros do río  
 Debesas da Terrachá!  
 ¡Quen entendera o lingoáxe  
 ¡Que as follas falando están!  
 ¡Quén soupera de cote o que dicen  
 Co seu eterno rosmar!  
 ¡Augas do Miño que unides  
 Voso eterno marmular  
 O rosmar de aqués castiros.  
 En noite de craro luar,  
 Quén a lingoa entendera en que falades,  
 Auguíñas da Terrachá!

*Amador Montenegro Saavedra.*

Papel de fumar B A M B Ú

15

## MAIO 31 DIAS

### MES DAS FLORES

- 1 Sáb. ss. Feiipe, Santiago, Sexismundo e Orenco.
- 2 Dom. ss. Anastasio e Fiz.
- 3 Lun. A Invención da Santa Cruz e S. Aleixandro.—  
*Rogacións.* - I. B.

*Mingoante ás seis e melix da tarde.*

☉ Que as rogacións nos valtan pra manter o tempo que porfia por revolverse. Nos días craros de vento mol fórmanse castillos i-o calor trai tormentas. Hai días escuros cen frios, ventos do SO e mesmo neve.

- 4 Mar. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.—  
*Rogacións.*—I. B.
- 5 Miér. ss. Pio, Máximo, Eulogio e Agustíño.—  
*Rogacións*—I. B.
- 6 Juev. † *A Ascensión do Señor.*—ss. Xohan Ante-Portam-Latinam patrón d's impresores, Benita e Nosa Sra. da Cabeza.—I. P.
- 7 Vier. ss. Augusto, Agustíño, Domitila e Benedicto.
- 8 Sáb. Nosa Señora dos Desamparados e S. Eladio.
- 9 Dom. ss. Gregorio Nacianceno e Lucas.
- 10 Lun. ss. Antonino e o beato Xob.

*Nova á urba e coarto da tarde.*

☉ O tempo sigue temprado, mais con humidade. O orballo da mañá, anque frío, fai menos dano que o calor do relente. Os ventos do NE parez van traer melloría.

- 11 Mar. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio.
- 12 Miér. ss. Domingo da Calzada i-Epifanio.
- 13 Juev. Nosa Sra. dos Mártires e S. Pedro Regalado.
- 14 Vier. ss. Bonifacio, Pascual, Xusta e Xustina.
- 15 Sáb. ss. Isidro labrador, Torcuato e Simplicio.—  
*Virilia de Pentecostés.*—I. B. *Ayuno e abstinencia*
- 16 Dom. *Pascua de Pentecostes ou do Espiritu Santo.*—Santos Xohan Nepomuceno, Honorato e Ubaldo.—I. B.
- 17 Lun. ss. Pascual Bailón e Bruno.—I. B.

*Crecente ás sete menos coarto da mañá.*

☉ E raro o lugar en que o calor i-o nordés non trouxe-

- 61      Papel de fumar } B.A.M.B.Ú

ran treboadas da primaveira. Hay saravias e algún chuvasco, mais o tempo non fai temer pol-os campos.

18 Mar. ss. Félix Cantalicio e Dióscoro.—I. B.

19 Miér. ss. Pedro Celestino, Ciriaca e Prudencia.—*Témporas.* I. B.

20 Juev. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.—I. B.

21 Vier. ss. Victorio, María do Socorro e Secundino.—*Témporas.*—I. B.—*Abstinencia sin ayuno.*

*Sol en Géminis ás doce do día*

22 Sáb. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.—*Témp.*—I. B.

23 Dom. A Santísima Trindade. - ss. Desiderio, Basilio e Miguel.

24 Lun. ss. Torcuato, Susana e Robustiana.

25 Mar. ss. Genadio de Braga (G), Gregorio, Luciano e Dionisio.

*Chea ás sete e media da mañá.*

Medran as calores i-affirmase o tempo. Noites amorosiñas e días criadores. Magoa que un vento súpeto do SE. vai amolincrar a bonanza.

26 Miér. ss. Felipe Neri e Zacarías

27 Juev. † *Sanctissimum Corpus Christi.*—ss. Xohan, Restituta, Xulio i Eutropio.

28 Vier. ss. Viliulfo bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xerman i Emilio.

29 Sáb. ss. Teodosia e Maximino.

30 Dom. ss. Donadeo Maximo e Bonelo, monxes do Bierzo (G), Fernando Rey de España e Basilio.

31 Lun. ss. Crescencio, Petronila e Pascasio.

### A semán do preguiceiro

Luns vas,  
martes chegas,  
miércoles colles,  
xoves pousas,  
viernes vés,  
sábado chegas.

Ei ven Xohan, cun feixe de leñal

Papel de fumar BAMBÚ

17

## XUNIO 30 DIAS

### MES DE SAN XOHÁN

1 Mar. Btos. Pedro Vázquez e Antonio de San'Boaventura mártires, Nosa Sra. [da Luz e ss.] Iñigo e Fortunato.

2 Miér. ss. Marcelino, Pedro e Nicolás Peregrino.

*Mingoante ás cinco e corrito da mañá.*

☉ O tempo quer revirar. Pasan nubes e nubes con ventos do mar i os craros vense axiña mollados por unha chuvía teimosa

3 Juev. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio.

4 Vier. ss. O Sagrado Corazón de Xesús e ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico.

5 Sáb. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho.

6 Dom. ss. Gonzalo de Acebedo abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina.

7 Lun. O Trunfo de San Pablo e S. Roberto.

8 Mar. ss. Medardo, Salustiano e Maximiano.

*Ecrise total de Sol invisibre en España*

*Nova as oito e media da tarde.*

☉ O raio do ecrise que houbo hoxe rematou de descompoñer o tempo. Siguen ventos do mar que traen días de neboa, si veñen do E é con orballos borrallentos.

9 Miér. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.

10 Juev. ss. Restituto, Ciriaco e Margarida.

11 Vier. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.

12 Sáb. ss. Xohan de Sahagún, Nazario e Onofre.

13 Dom. ss. Antonio de Padua e Luciano.

14 Lun. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.

15 Mar. ss. Modesto, Crescencia, Benilde e Libia.

*Crecente ás sete da tarde*

☉ Quer cambiar o tempo, mais non se pode fiar moito, pois en canto o sol quenta unha miaxa veñen]lostregos, tronos e ventos destemperados.

16 Miér. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico.

17 Juev. ss. Manuel, Ismael e Pablo.

18 Vier. ss. Marco, Marceliano e Paula.

18           Papel de fumar B A M B Ú

- 19 Sáb. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio e Ursicino.  
 20 Dom. ss. Silverio, Florentina e Macario.  
 21 Lun. ss. Luís Gonzaga, Raimundo e Demetria

*Sol en Cáncer as oito e soarto da turde*

VRAU

- 22 Mar. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.  
 23 Miér. ss. Zenón, Fiz e Agripina.

*Chea ás once da noite.*

☉ Chega firme a calor do vrau. Pesia o pasado, as terras prometen. Hai tormentas que fan moitos danos, mais non son xenerales.

24 Juev. A Natividade de S. Xohan Bautista e ss Xohan Treson ermidaio (G), e Fausto

25 Vier. ss. Orosia, Guillermo, Próspera e Lucía.


26 Sáb. ss. Paio de Tuy mártir, Hermoigio bispo (G), Xohan, Pablo e Virginio.

27 Dom. Nosa Sra. do Perpétuo Socorro e S. Zoilo.

28 Lun. ss. León, Argimiro, Pablo e Benigno.

29 Mar. † *San Pedro e San Pablo* e ss. Marcelo e Siro.

30 Miér. A Comemoración de Sant-Iago Apóstol e Santa Emilia.



Cantigas de amores

Carabel, carabeliño,  
 carabel, carabiñol,  
 o día que non te vexo  
 para min non raia o sol.

Gracia teño, gracia levo,  
 gracia me queda na casa,  
 gracia para tí, meniña,  
 gracia para tí, rapaza.

O amor quere que o roguen,  
 eu non roguei a ningún;  
 arrenego dos amores  
 que a poder de rogos vén.

Papel de fumar BAMBÚ

## XULIO 31 DIAS

### M E S D E S A N T - I A G O

- 1 Juev. S. Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso. Sr. Xesucristo, ss. Casto, Martín, Leonor e Galo.

#### *Mingoante á unha da tarde*

☞ Vai medrando a calor, e n-algús sitios trai treboadas das boas. As chuvias refrescan un pouco o tempo, que ven de xeito pras herbas.

- 2 Vier. A Visitación de Nosa. Sra. e S. Longines.  
3 Sáb. ss. Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Eulogio.  
4 Dom. ss. Laureano, Flaviano e Teodoro.  
5 Lun. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.  
6 Mar. ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo.  
7 Mier. ss. Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis.  
8 Juev. ss. Isabel, Agapito e Procopio.

#### *Nova ás catro e coarto da noite*

☞ A úa non trai novas no tempo. Queenta ben o sol e as treboadas camiñan d-un lado pra outro. Os traballos dos labregos vanse pondo ao día.

- 9 Vier. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón.  
10 Sáb. Bto. Xohan Xacobo Fernandes, mártir (G), e ss. Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.  
11 Dom. ss. Dictinio bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino.  
12 Lun. ss. Xohan Gualberto, Félix e Marciana.  
13 Mar. ss. Anacleto, Uxio, Xoel i-Esdras.  
14 Miér. ss. Estebo abade, Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino.  
15 Juev. ss. Enrique, Camilo e Antioco.

#### *Crecente ás nove e media da mañá.*

☞ Ceo despexado. Ventos do NO. As troadas, onde non dañan, milloran as colleitas, pois traen chuvias que fan revivir as leiras.

- 16 Vier. Nosa Señora do Carmen e S. Fausto.  
17 Sáb. ss. Alexo, Marcelina, León, Xacinto e Xenerosa,  
18 Dom. ss. Mariña de Augasantas Virxe e mártir (G) Sinforosa, Emiliano e Federico.

☞ **Papel de fumar B A M B Ú**

- 19 Lun. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.  
 20 Mar. ss. Elías, Librada, Xerome, Emiliana e Severa.  
 21 Miér. ss. Práxedes, Feliciano e Xusta.  
 22 Juev. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.  
 23 Vier. ss. Apolinar, Brígida, Bernardo e Liborio.

*Sol en Leo ás sete da mañá*

### CANÍCULA

*Chea a unha menos coarto da tarde*

Síntese calor de moito xenio, mais Sant-Iago non dexa de traer o seo canadiño de auga que é unha bendición pra moitos campos que xa arregañaban ca calor.

- 24 Sáb. ss. Cristina, Francisco Solano e Víctor.  
 25 Dom. † O APÓSTOLO SANT-IAGO O MAIOR PADROEIRO DA PATRIA.—SS. Cristóbal e Cucufate.  
 26 Lun. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela.  
 27 Mar. ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana.  
 28 Miér. ss. Víctor, Nazario, Celso i Eladio.  
 29 Juev. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero.  
 30 Vier. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Carmona.

*Mingoante ás sete menos coarto da tarde.*

Veñen días quentes de ceo despexado, anque as mañans fai unha miguña fresco. En xeneral bó tempo pra escomenzar os traballos da sega.

- 31 Sáb. ss. Ignacio de Loyola e Pablo.

### Hino do Apóstolo

*pra cantarmos os galegos nas peregrinacións do Ano Santo*

Santo adail,  
 Patrono das Españas,  
 amigo del Señor:  
 defende aos teus discípulos queridos,  
 protexe a tua nación.

As armas vitoriosas do cristiano  
 viñemos a temprar  
 no consagrado i-alcendido fogo  
 do teu devoto altar.

Papel de fumar B A M B Ú

## AGOSTO 31 DIAS

### MES DE SANTA MARÍA

- 1 Dom. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.—*Xubileo da Porciúncula.*
- 2 Lun. ss. Alfredo, Máximo e Nosa. Sra. dos Anxos.
- 3 Mar. A Invención de S. Estebo y S. Eufonio.
- 4 Miér. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i-Eutelo.
- 5 Juev. Nosa Sra. das Neves e S. Emigdio.
- 6 Vier. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.

*Nova ás doce e media do día.*

● O tempo cambia de súpeto pra o fresco; mañás e noites piden unha miguiña de abrigo. Chuvias lixeiras n-algús sitios mollan a terra pra a sementeira dos nabos.

- 7 Sáb. ss. Cayetano, Alberto, Donato e Sicilia.
- 8 Dom. Bto. Roxerio de Meira (G), ss. Ciriaco, Emiliano e Marino.
- 9 Lun. Bta Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Román, Marciano e Cleto.
- 10 Mar. ss. Lourenzo ab. contra os incendios e Paula
- 11 Miér. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.
- 12 Juev. ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima.
- 13 Vier. ss. Casiano, Hipólita, Radegundis i-Elena.
- 14 Sáb. ss. Nuño Alvarez coengo (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.—*Vixilia da Asunción.—Ayuno e abstinencia.*

*Crecente ás duas e media da noite.*

● Veñen algús días tristes de ceo escuro que somellan de inverno, mais en xeneral temos tempo bó, non faltando a turboada da Nosa Señora.

- 15 Dom. † A Asunción. N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> de Todo o Mundo. N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> dos Ollos Grandes, P. de Lugo, S. Payo, bispo (G).
- 16 Lun. ss. Roque, Xacinto e Xaquín pai de N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup>
- 17 Mar. Stas. Godina abadesa, i-Eufemia Virxe e mártir (G), ss. Paulo, Xuliana, Librada e Anastasio.
- 18 Miér. ss. Leonardo, Clara i-Elena.
- 19 Juev. ss. Mariano, Luis e Maxin.
- 20 Vier. ss. Bernardo, Samuel e Severo.

22      Papel de fumar B A M B Ú



- 21 Sáb. ss. Fidel, Ciriaca e Francisca de Fremiot.  
22 Dom. ss. Fabriciano e Timoteo.

*Chea á unha menos coarto da noite.*

Pol-o día quenta ben o sol, mais ás noites veñen fresquiñas, con nebras pol-as mañás. Os ventos do NE, sopran con pouca forza.

- 23 Lun. ss. Felipe, Benicio e Valeriano.

*Sol en Viryo ás duas da tarde*

- 24 Mar. ss. Bartolomé i-Aurea.

- 25 Miér. ss. Luis, Xenxo e Patricia.

- 26 Juev. ss. Ceferino, Segundo e Vitores

- 27 Vier. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.

- 28 Sáb. ss. Agustín, Bibiano, Paio e Moisés.

*Mingoante ás doce da noite.*

Viranse os ventos pro SO e revólvese o tempo, caendo pequenas chaparradas. Nos derradeiros parez, que quer mellorar.

- 29 Dom. A Degollación de S. Xohan Bautista.

- 30 Lun. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i-Emeterio.

- 31 Mar. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lourenzana (G), Ramón Nonnato e N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> do Bó Viaxe.

\*\*\*\*\*

Firme e chantada,  
como aquela coluna,  
que te entregou  
a Nai de Xesús,  
será na España  
a Santa Fé cristiana,  
ben celestial que nos deixou tua lus.

Gloria a Sant-Iago, patrón insine,  
ledos teus fillos hoxe te bendicen;  
axionllados no teu altar ofrendan  
a prenda mais felís do seu amor:  
Defende aos teus discípulos queridos  
¡Protexe á tua Nación!

Papel de fumar B A M B Ú

23

## SEPTEMBRO 30 DIAS

### ADICADO A SAN MIGUEL

- 1 Miér. ss. Xil de Casaio abade (G) e Lupo.
- 2 Juev. ss. Antolín, Estebo e Máxima.
- 3 Vier. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia
- 4 Sáb. San Adrián eremita, Nosa S.<sup>a</sup> da Consolación e ss. Cándida e Rosa.

#### *Nova ás once da noite*

☉ Vaise sosteñendo o bó tempo, soprando mainiños os ventos do N. e do NE., mais logo veñen nubrados que mesmo fan cavilar que axiña terán as castañas os seus canadiños como reza o dito

- 5 Dom. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.
- 6 Lun. ss. Eutelo, Uxío e Petronio.
- 7 Mar. ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa S.<sup>a</sup> dos Reises.
- 8 Miér. A Natividade de Nosa Señora.
- 9 Juev. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio
- 10 Vier. ss. Pedro de Mezonzo bispo, autor da Salve (G) Nicolás de Tolentino e Pulqueria.
- 11 Sáb. Nosa Sra. das Viñas y ss. Proto e Xacinto.
- 12 Dom. O Santísimo Nome de María e S. Leoncio

#### *Crecente ás nove da noite*

☾ Amagos de borrascas, noites de friaxe. En moitos lugares ven un tempo amorosiño de vrau que dispón boas vendimas.

- 13 Lun. ss. Felipe, Eulogio e Maudillo.
- 14 Mar. A Exaltación da Sta. Cruz e S. Víctor.
- 15 Miér. Os Dolores Gloriosos de Nosa Sra. e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio.—*Témporas*—I. B.
- 16 Juev. ss. Cipriano i Eufemia.
- 17 Vier. As Chagas de S. Francisco e S. Pedro Arbués.—*Témporas*.—I. B.—*Abstinencia sin ayuno*.
- 18 Sáb. ss. Tomás de Villanueva e Sofía.—*Témporas*.—I. B.
- 19 Dom. A Aparición da Virxen da Saleta.
- 20 Lun. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.

24           Papel de fumar B A M B Ú



*Chea ás once e media da mañá.*

Tempo sereo e quente. Un ventíño mareiro fai como que quer mollar, mais en xeneral sosténse boa templa.

21 Mar. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.

22 Miér. ss. Mauricio, Lourenzo e Xonás.

23 Juev. ss. Lino, Fausto e Tecla.

*Sol en Libra ás once e coarto da mañá*

### OUTONO

24 Vier. Nosa S.<sup>a</sup> das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.

25 Sáb. ss. Lope e María de Cervellón.

26 Dom. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.

27 Lun. ss. Cosme e Danián.


*Mingoante ás seis menos coarto da mañá.*

Nos derradeiros do mes revírase o tempo, cambia o vento e quer vir inverna, mais non temos moita humidade anque veñen neboas baixas pol-as mañás.

28 Mar. ss. Wenceslao e Máximo.

29 Miér. San Miguel Arcánxel

30 Juev. ss. Gregorio, Xerome e Sofía.



### Os xamóns do señor Xués

O señor Pedro o do Souto tiña un choio<sup>[no]</sup> xusgado por mór de uns regos. E vai e ven da casa do abogado pra a sua, pensa que te pensarás, cómo xuncras ía ganarlle aquel choio ao señor Xuan do Mato. Porque—craro que él non o decía—pero a razón non ía pol-o seu rego. «Este diaño de Xués tan rispeto vaima a amolincar», decía o señor Pedro do Souto.

E vai e un día dille ao señor abogado:

—E mire, señor, e logo o señor Xués non collería un queipo de ovos que eu lle mandase?

—Ti estás tolo, home, co circio que é, métete na cadea.

—El tampouco collería un porco, señor?

—Daquela mándate afusilar de contado.

Papel de fumar BAMBÚ

## OUTONO 31 DÍAS

### ADICADO AO SANTO ANXEL

- 1 Vier. O Sto. Anxel Custodio e S. Remixio.
- 2 Sáb Os Anxos da Guarda, Satorio i-Euvelo.
- 3 Dom. Bto. Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido e Xerardo.
- 4 Lun. ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.

*Nova ás doce da mañá.*

☉ A virazón que trouxo o Outono non mágoa a campía A humedá das mañáns i-os ventos de nordesía deixan emporiso crærexar o ceo.

- 5 Mar. ss. Froilán bispo patrón de Lugo (G), e Plácido.
- 6 Miér. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.
- 7 Juev. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marco.
- 8 Vier. ss. Demetrio, Paio e Nestor.
- 9 Sáb. Bto. Gonzalo abade, Nosa Sra. da Cinta e San Dionisio.
- 10 Dom. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino
- 11 Lun. ss. Nicasio, Xermán e Fermín.
- 12 Mar. Nosa Sra. do Pilar e do Remedio.—*Festa oficial da Raza.*

*Crecente ás catro menos covrto da tarde*

☉ Amaina o tempo con frios secos na montana que vantan a neve. Poucas chuvias na terra baixa.

- 13 Miér. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Venancio.
- 14 Juev. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.
- 15 Vier. ss. Teresa de Xesús e Bernardo.
- 16 Sáb. ss. Florentino e Ambrosio.
- 17 Dom. ss. Eduvigis, Mariano, Mamerto e Victor.
- 18 Lun. ss. Lucas, Xulián e Trifona.
- 19 Mar. ss. Pedro de Alcántara e Rosina.


*Chea ás dez menos coarto da noite.*

☉ Tempo bó, doce e craro, con ventos frios que chaman o inverno e días quentes que recordan o vrau.

- 20 Miér. ss. Caprasio, Xohan Cancio e Irene.
- 21 Juev. ss. Hilarión, Asterio e Arturo.

26      Papel de fumar B A M B Ú

- 22 Vier. ss. María Salomé e Córdula.  
 23 Sáb. ss. Servando, Pedro Pascual e Xermán.  
*Sol en Escorpio ás oito da noite*  
 24 Dom. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Rafael Arcánxo, Fortunato e Martiño.  
 25 Lun. ss. Frutos, Crisanto e Daría.  
 26 Mar. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.  
*Mingoante á unha e coarto da tarde*  
 Vira o vento pra o S. e veñen augas e humedá, días zaramallados de borrascas no mar e rega na terra, que boa falta fac.a.  
 27 Miér. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina.  
 28 Juev. ss. Simeón e Xudas Tadeo.  
 29 Vier. ss. Narciso, Xerona i Eusebia.  
 30 Sáb. ss. Cenobia, Claudio e Amparo.  
 31 Dom. *Festividade de Cristo Rey.*- ss. Urbano e Quintín.



- Pois logo si lle mandase uns xamonciños...  
 —Tiñas por certo que perdías o pleito.  
 —Ai, bo é sabelo, ben está si señor.

E chegou a vista e o condanido do señor Pedro do Souto, contra o que viña somellar, resultou ganante do pleito.

E cando o abogado díxollo moi gabancioso, con aquelas de «Gracias a min eres mais home», o señor Pedro díxolle:

- ¡Mire como valeron os xamóns! Xa eu dicía...  
 O abogado quedou teso como un espeto.  
 —¿Pero tí mandáchelle uns xamóns? ¿E colleuchos? Xa diñ os ditos que non hai xusto que non peque. Ahí tes ao Xués, collendo xamóns...  
 —Ai non señor, coller non os colleu, que os devolveu e púxose moi furiosísimo...  
 —Afellas que non te entendo.  
 —Ai, é que mandar llos mandei, pero... de parte do contrario.

# NOVEMBRO 30 DIAS

## MES DE SAN MARTIÑO

- 1 Lun. † *A Festa de Todol-os Santos.*—ss Benigno, Cesáreo e María.
- 2 Mar. A Commemoración dos difuntos e S. Xusto.
- 3 Miér. ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo.  
*Nova ás catro e coarto da mañá*
- 4 Juev. ss. Carlos Borromeo e Domingo.
- 5 Vier. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.
- 6 Sáb. ss. Leonardo, Severo e Vinoco.
- 7 Dom. ss. Herculano, Amaranito, Ernesto e Florencio.
- 8 Lun. S. Alvito bispo (G), O Patrocinio de Nosa Sra. e ss. Severiano, Severo, Victorino e Godofredo.
- 9 Mar. Nosa Sra. da Almudena.
- 10 Miér. ss. Aniano, Demetrio e Andrés.
- 11 Juev. ss. Dámaso Papa (G), Martiño, Bartolomé e Toribio.

### *Crecente ás nove e media da mañá.*

Temos melloría na veiramar e na montana, onde unha raxeira de sol derrete a neve das cumeas. Chuvias pasaxeiras e neboas baixas.

- 12 Vier. ss. Millán, Diego de Alcalá e Paterno.
- 13 Sáb. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono e Rufo.
- 14 Dom. Sta. Trahamunda de Poio abogada dos emigrantes (G) e ss. Serapio, Lourenzo e Veneranda.
- 15 Lun. ss. Uxío I, Leopoldo e Leoncio.
- 16 Mar. ss. Rufino, Marcos, Valero i-Edmundo.
- 17 Miér. ss. Acisclo e Victoria.
- 18 Juev. ss. Román, Máximo, Odón e Pedro.

### *Chea ás oito da mañá.*

O tempo non podía ser mellor si as condanidas das brétemas non quixeran traer chuvias. Un vento seco leva neve a montana e manda os troncos ao mar.

- 19 Vier. ss. Isabel, Ponciano e Crispín.
- 20 Sáb. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito.

28 **Papel de fumar B A M B U**

- 21 Dom. ss. Estebo, Honorio e Rufo.  
22 Lun. Bto. X. han de Pontevedra, (G), ss. Columbiano e Mario.


*Sol en Sagiturio ás cinco e coarto da tarde*

- 23 Mar. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia.  
24 Miér. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan de la Cruz, Crisógono e Florz.  
25 Juev ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.

*Mingoante ás doce da noite*

Metimemos de cheo no tempo de invernía. O sol, por moito que faga, non pode cas nubes Neve d-abondo nos lugares mais outos.

- 26 Vier Os Santos Mártires de Córdoba.  
27 Sáb. ss. Virxilio, Facundo e Primitivo.  
28 Dom. *I de Adviento* — ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano. — *Péchanse as velacións.* — I. B.  
29 Lun. ss. Iluminada e Saturnino.  
30 Mar. ss. Andrés, Constancia e Xustina.



## A Torre de Hércules

—Esta torre fai mil anos  
que a fixeron os fenicios.  
—Tamén hai algúns indicios  
que é obra dos romanos.  
—Sodes na historia profanos  
i-en sentenciar moi lixeiros  
pois nin foron os primeiros  
nin os segundos, aposto.  
—¡Tiranos da duda, Agostol  
¿dí quens foron?  
—¡Os canteiros!

*Francisco Añón.*

Papel de fumar BAMBÚ

29

## DECEMBRO 31 DIAS

### MES DE NADAL

- 1 Miér. ss. Eloy, Natalia e Cándida.  
2 Juev. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.

*Nova ás doce e coarto do día.*

☉ A lúa que entrou con e rise quérese casar ca neve da montana, que é chuvía fría nos baixos. Hai un ventoiño frío que da xenio e que despella algús días.

- 3 Vier. ss. Francisco Xavier e Claudio.  
4 Sáb. ss. Osmundo, Cleto e Bárbara.  
5 Dom. *II de Advento* — ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.  
I. B.  
6 Lun. ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari i Emiliano.  
7 Mar. ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán.  
8 Miér. † *A Purísima Concepción de Nosa Señora.* — Santos Macario i Esther.  
9 Juev. ss. Restituto, Cipriano e Locaia.  
10 Vier. S. Fl. reñci. abade (G), Nosa Sra. de Loreto e ss. Eulalia i-Hermóxenes.  
11 Sáb. ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel.

*Crecente á unha e coarto da noite.*

☉ Tempo revoltó con moita auga. Algús días quer crarexar, mais axiña volven os nubrados, soprando froxos ventos do mar.

- 12 Dom. *III de Advento.* — Nosa Sra. de Guadalupe e San Constanco — I. B.  
13 Lun. ss. Uxío, Orestes e Lucía.  
14 Mar. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espiridión.  
15 Miér. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato. — *Temporas.* I. B.  
16 Juev. ss. Valentín e Delzira.  
17 Vier. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia. — *Temporas* — I. B. — *Abstinencia sin ayuno.*  
*Chea ás sete da tarde*

☉ Somella que imos pra unha Noiteboa ben crara, mais un trebón que fixo danos no mar quer acaroarse a nós e virar o tempo bó.

30      Papel de fumar BAMBÚ



- 18 Sáb. Nosa Señora da O.—*Témporas*.—I. B.—*Ayuno e abstinencia*.  
 19 Dom. *IV de Advento*.—ss. Nemesio e Timoteo.—I. B.  
 20 Lun. ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.  
 21 Mar. ss. Ilduara nai de S. Rosendo, Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio.  
 22 Miér. ss. Demetrio, Zenón i-Elena

*Sol en Capricornio*.—INVERNO

- 23 Juev. ss. Victoria, Nicolás e Sérvulo.  
 24 Vier. *Noiteboa*—ss. Gregorio, Eutimio e Luciano.—I. B.

*Mingoante ás duos e coarto da tarde*

O ano despídese chorando e beirando con ventos que zoan pouco. Hai un respiro que quizais queira anunciar mellor ano pra 1938, anque d-iste non temos queixa.

- 25 Sáb. † *A Natividade de Noso Señor Xesucristo*.—I. P  
 26 Dom. ss. Estebo e Marino.—*Abrense as velacións*.  
 27 Lun. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro.  
 28 Mar. Os Santos Inocentes  
 29 Miér. Bto Vidal abade (G), ss. David e Tomás Cantuariense.  
 30 Juev. A Traslación de Sant-Iago e S. Sabiro.  
 31 Vier. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Pauliña.

### Panxoliña de Nadal

A noitiña de Nada!  
 moite mais crara que o día;  
 altas ían as estrelas  
 a neve no chan batía

Camiñando van Xosé  
 e mail-a Virxe María;  
 sentáranse no camiño  
 o pé dunha fonte fría.

Du miranse pé da fonte  
 a neve cai que os cubría;  
 cantáballe o berce a fonte,  
 tal era o que a auga decía:

«Espértate ti meu vello,  
 esperta miña raíña,  
 anque veñades ben cansos  
 a Belén chegás axiña».

Do ceo baixan os anxos  
 nas suas azas os rubían,  
 deixáranos en Belén,  
 nunha escura corte fría.  
 Os anxos cando os pouasa-  
 (saban  
 choraban door e ledicia;  
 que naquela corte escura  
 o Fillo de Dios nacía.

J. Acuña.

Papel de fumar B A M B U

*Láncara.*—O 24; 16 Cearó ; 2 e 17 Puebla; 11 R o (Es-  
tarrapa).

*Lorenzana.*—O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

*Lugo.*—O 4, 5 e 6 d' Outono (anual), primeiro e penúl-  
timo viernes, o 12 e mercados os martes, viernes e do-  
mingos; penúltimo día de cada mes Nadela.

*Meira.*—O segundo e coarto domingo.

*Mondoñedo.*—O 17, 18 e 19 do Outono (anual); primeiro  
e terceiro xoves de cada mes, e mercado os xoves;  
Quendas o 2 de Mayo (anual).

*Monterroso.*—O 1.º y o 15 e mercados os miércoles.

*Monforte.*—O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

*Muras.*—O primeiro sábado; primeiro e segundo do-  
mingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

*Neira de Jusá.*—1.º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

*Navia de Suarna.*—Segundo domingo e derradeiro vier-  
nes 3 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales) Puebla;  
terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela;  
primeiro domingo Rao.

*Negueira de Muñiz.*—O segundo domingo.

*Os Nogales.*—O segundo domingo Doncos.

*Orol.*—O primeiro domingo Miñotos.

*Palas de Rey.*—O 7 y o 19 e mercado os sábados.

*Pantón.*—O 1.º e 15 Ferreira; 18 Santa Mariña.

*Páramo.*—O 10.

*Pastoriza.*—Cada quince días en domingo alterno Bre-  
toña; o segundo e cuarto sábado Reigosa.

*Piedrafita.*—O 5 e 21 y o 8 de Setembro (anual).

*Pol.*—O 1.º e 15 Riojuan; 7 e 21 Mosteiro.

*Puebla do Brollón.*—11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación.

*Portomarin.*—Mercado os domingos.

*Quiroga.*—O 10 e 27.

*Rábade.*—O 2 e o 22 e mercado os xueves.

*Ribadeo.*—Todos os miércoles e o 7 de Setembro.

*Riotorto.*—Mercado os sábados; 14 e 26 de cada dous  
meses Moxueira.

*Ribas do Sil.*—O 16.

*Samos.*—O 15; 17 Ponte do Lózara; 4 Castroncán.

*Sarria.*—O 6 e o 20, San Lázaro (anual) e mercados os  
domingos.

- Saviñao*.—O 8 Escairón; 26 Currelos.  
*Sober*.—O 18 e 28.  
*Taboada*.—O 20 e mercados os sábados.  
*Trabada*.—O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo San Fernando (anual).  
*Trasparga*.—O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo Guitiiz e mercado os miércoles.  
*Triacastela*.—O 1.º e 28.  
*Valle d' Ouro*.—O miércoles seguinte ao terceiro domingo e mercado os sábados.  
*Villameá*.—Cada quince días e mercado os domingos.  
*Villaodrid*.—O 25 Villaeimil.  
*Viveiro*.—O primeiro e terceiro domingo e mercado os xueves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo: lunes de Pascua, Cobas (anual).  
*Villalba*.—O primeiro domingo e martes seguintes a o terceiro e mercados os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes.

### Feiras anuais de Galicia

*Xaneiro*: 7, Portes; 8, Navallos.—*Febreiro*: 3, Portomarín.—*Marzo*: Domingo de Lázaro, Sarria.  
*Abril*: 6, Noya; lunes de Cuasimodo, Tuy; lunes de Pascua, Cobas en Viveiro.—*Mayo*: Día da Ascensión, Santiago; 30, Batboa, Ribadeo. *Xunio*: Pascua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somiedo, e Brollón en Quiroga.—*Xulio*: 2, Coruña; 25, Santiago.—1 v 15 de cada mes en Pontevedra.—24, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.—*Septiembre*: 8, Fonsagrada, 3 días; terceiro domingo Becerreá; 8, Pedrafita d' o Cebreiro.—*Octubre*: 5, Lugo 3 días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, 3 días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá.—*Noviembre*, 1, Monterroso.—*Diciembre*: Día da Purísima, Alvare, de ond' é patrona, feira 12 días e mercado os xoves.

